
2001, pp. 253-256

*Herminia Pernas Oroza,
Las clases trabajadoras
en la sociedad compostelana
del siglo XIX,*

*Santiago de Compostela, Nigra Imaxe
e Consorcio de Santiago, 2001, 470 páxinas.*

ÓSCAR FREÁN HERNÁNDEZ*

No verán de 1999, no seo do Congreso Internacional de Historia a Debate, tivo lugar unha mesa redonda que puxo de manifesto as liñas de investigación abertas e as lagoas existentes dentro da historiografía galega. No relativo á idade contemporánea –período analizado por María Xosé Rodríguez Galdo, Xosé Manuel Núñez Seixas e quen esto suscribe– apuntáronse entre os baleiros a encher as temáticas da historia urbana e do movemento obreiro. A obra de Herminia Pernas que nos ocupa, contribúe a enriquecer estes dous campos cunha análise das clases traballadoras na cidade de Santiago de Compostela ao longo do século XIX. Este interesante traballo, froito da súa tese de doutoramento, podémolo considerar como un dos primeiros apuntamentos da liña de investigación aberta na Universidade de Santiago por Justo Beramendi sobre a historia social urbana de Galicia.

A pretensión da autora non é outra que a de dar unha visión global, e o máis completa posible, da historia das clases populares compostelanas no século XIX. O plantexamento seguido para tal fin é a análise das diversas facetas nas que se desenvolvía a actividade deste grupo social. Dun xeito acertado, esta análise non fica reducida a unha investigación de corte clásico limitada ao que son os plantexamentos políticos e asociativos do operariado santiagués. Así, o que nos propón Herminia Pernas é un achegamento tanto á dinámica demográfica e á estrutura socioprofesional, como ás

* Universidade de Vigo.

condicións de vida e traballo das clases populares, sen esquecer aquelas cuestións relacionadas co lecer, a instrucción, o asociacionismo e a conflictividade.

Resulta moi acertado trazar o perfil da organización socioprofesional da cidade de Compostela que fai a autora no segundo capítulo da súa obra. Se o que pretendemos é ter un coñecemento da clase obreira local, o primeiro que temos que saber é de qué tipo de traballadores estamos falando e a qué modelo responde a estrutura profesional da cidade. Non é ningunha novidade o feito de que os servizos e o sector secundario sexan os que ocupan dun xeito maioritario os traballadores asalariados de Santiago. Aínda que esta sexa unha cuestión coñecida, a obra de Herminia Pernas ofrécenos a demostración desta realidade cunha pormenorizada análise das diferentes ocupacións e do número de traballadores en cada ámbito, sendo o téxtil e a construción os ramos de actividade que capitalizan a ocupación no sector secundario. No caso da construción, hai que ter en consideración o proceso de urbanización que se estaba producindo nas capitais do país. Un proceso ao que a cidade de Santiago de Compostela non foi alleo ao longo deste período, configurándose dun xeito semellante ao do resto das vilas galegas, é dicir, conglomerados urbanos de pequeno tamaño nos que o espazo rural ten un peso e unha importancia considerables.

A cidade de Compostela, tanto na súa configuración da trama urbana como da estrutura socioprofesional da súa poboación, achégase máis ao modelo das cidades galegas de interior, cun menor desenvolvemento comercial e industrial, que ás capitais da franxa costeira. Así, A Coruña e Vigo son uns centros comerciais e de servizos cun sector industrial máis desenvolvido que no resto de Galicia, cun importante peso da burguesía comercial e cos portos con maior tráfico e volume de negocio do país. Pola súa banda, Ferrol conta tamén cunha activa clase burguesa e coa infraestructura militar e industrial –os asteleiros– nada ao abeiro da súa condición de capital do departamento marítimo. Estes son os factores xeográficamente máis próximos que contribúen a relativizar, como ben apunta Herminia Pernas, a importancia das transformacións da organización económica compostelana ao longo da centuria, onde o que vai seguir predominando é unha serie de pequenas fábricas ou de obradoiros cun reducido número de asalariados, no caso de contar con algún tipo de traballador contratado.

Resulta moi interesante, polo novidoso do tema no caso galego, o tratamento do *lumpenproletariat* a través do estudio dos pobres, das prostitutas e dos delinquentes. Xentes que, por mor das circunstancias críticas da súa vida, se viron abocadas a subsistir por medio de ocupacións consideradas moralmente pouco lícitas. Eran as vítimas da sociedade industrial que non podían garantir a súa propia subsistencia de ningún outro xeito. Para paliar, na medida do posible, a súa situación, desenvolvéronse unha serie de iniciativas tanto lexislativas como de tipo caritativo que a autora se encarga de detallar. Creáronse así, na cidade compostelá, institucións benéficas para a acollida dos pobres, tratouse de aplicar a lexislación sobre o exercicio da prostitución e o control sanitario das prostitutas, e se habilitaron cadeas para os presos e delinquentes.

Outros ámbitos de análise da obra son a instrucción e o lecer. No primeiro dos casos, o século XIX supón o momento do lento tránsito dende o modelo de ensino tradicional do Antigo Réxime ao sistema liberal que defendía, polo menos na teoría, a universalidade e gratuidade do mesmo. As dificultades para por en

marcha un sistema público facilitaban o funcionamento de escolas privadas que, en moitas ocasións, non tiñan as máis mínimas garantías tanto de rigor académico, como de dotación, como mesmo de salubridade. Tamén é interesante, aínda que estea pouco desenvolvido, o tratamento do lecer. As diferentes alternativas que se lle plantexaban ás clases populares estaban en boa medida limitadas pola capacidade económica das mesmas, de xeito que en moitas ocasións as actividades desenvolvidas teñen un componente espontáneo e informal desenvolvido no barrio ou na taberna. A función desta última como ámbito de sociabilidade é un elemento de grande importancia cando se produce unha achega ao estudio do operariado, pois este espazo se configura como centro de reunión e discusión e lugar privilexiado para o fomento da conciencia de clase. Un lugar ao que tiveron que recurrir ás organizacións obreiras para desenvolver o seu ideario e a súa actividade entre os traballadores.

No que respecta aos aspectos formais da sociabilidade operaria, a autora analiza o proceso de transición dende o primeiro tipo de asociacionismo en forma de mutuas e cooperativas ata a articulación de sociedades de resistencia e sindicatos. Non é doado –coas posibilidades que ofrecen as fontes disponibles– profundizar nesta mudanza, pois non supón unicamente a ruptura co republicanismo e a adscripción ás ideoloxías socialistas, senón tamén definir o momento en que se produce a definitiva precisión da conciencia de clase por parte dos traballadores. Ben sexa como dinamizador ou como freo, é innegable a consideración do mutualismo como primeiro medio de asociación operario propio da contemporaneidade, que no caso de Santiago de Compostela ten a súa primeira experiencia na *Sociedad de socorros mutuos artística e industrial*, fundada no ano 1847, unha década na que este tipo de asociacionismo estaba a agromar no conxunto do Estado español. Outro modelo de asociacionismo foi o cooperativista, desenvolvido uns anos despois, e que no caso compostelano vive a súa primeira iniciativa nos primeiros anos da década dos setenta -a *Sociedad cooperativa de la clase obrera de Santiago*- ao mesmo tempo que se estaban a constituir sociedades semellantes no resto do país.

Estas experiencias asociativas foron fomentando entre a clase traballadora e popular o coñecemento do asociacionismo, así como a súa práctica, e amosando as vantaxes que supuña o seu exercicio. Na mesma década dos anos setenta comezan a organizarse as primeiras sociedades obreiras cun carácter sindical. A complexa coxuntura política que se estaba a vivir durante estes anos contribuíu a que estas iniciativas non conquerasen unha implantación estable. Haberá que agardar aínda algúns anos para que poidamos falar dun movemento obreiro activo e organizado no conxunto de Galicia, pois ata comezos dos anos noventa o operariado organizado non será quen de dotarse dunha estrutura sindical afianzada e operativa. O caso santiagués, tal e como nos apunta Herminia Pernas, é semellante ao do resto do país, pois tanto a Agrupación Socialista como o Centro Obreiro son fundados no ano 1891; e tres anos máis tarde, no 1894, ten lugar a constitución das sociedades de canteiros e de carpinteiros. A partir desta data se van sucedendo as sucesivas organizacións de novas sociedades obreiras, ata as 36 que contabiliza a autora entre estes anos e as dúas primeiras décadas do século XX.

A nova dimensión do asociacionismo operario dende os anos finais do XIX é a súa adscripción ás ideoloxías de carácter socialista, así como a súa integración en organismos sindicais de carácter local ou nas federacións e centrais sindicais de

carácter estatal. Ideoloxicamente, socialistas e anarquistas serán os que capitalicen o liderazgo do movemento obreiro compostelán, así e todo cómpre non esquecer o papel desenvolvido por comunistas e republicanos no mesmo –máis importante do que poida semellar a primeira vista– e a presenza, aínda que sexa mínima, do sindicalismo católico. Co paso dos anos, o asociacionismo operario da cidade se divide entre o centro obreiro da Rúa da Conga, de carácter anarcosindicalista e liderado polos carpinteiros, e o da Rúa do Pombal, de tendencia socialista e nucleado en torno aos canteiros.

Dende os anos finais do século XIX algunhas das sociedades obreiras galegas comezan a estar vencelladas organicamente á Unión General de Trabajadores (UGT), no caso das de Santiago só a Sociedade de Canteiros, fundada en 1894, aparece afiliada ao sindicato socialista dende 1905. No que respecta á afiliación á Confederación Nacional del Trabajo (CNT), ésta non se vai producir ata os anos da crise da Restauración. Será no 1919 cando atopemos as primeiras sociedades obreiras compostelanas afiliadas á central anarcosindicalista e participando no seu congreso celebrado en Madrid en decembro de 1919. Alí estaban as sociedades de pintores e albaneis, de carpinteiros, de xastres, de camareiros e de obreiros en ferro e metais, representados todos eles por Ezequiel Rey Turnes. Malia o serodio desta data, a orientación cara o sindicalismo revolucionario dalgunha das sociedades compostelanas era evidente dende os anos finais do século XIX.

Entre os protagonistas do movemento obreiro santiagués atópanse militantes de todas as tendencias políticas, aínda que algúns deles non se manteñen afíns ás mesmas ao longo dos anos e evolucionan de unha a outra. Vencellado ao republicanismo –foi concelleiro dende 1912– atopamos a José Pasín Romero, un dos elementos máis activos na dinamización do asociacionismo operario na cidade. Tamén podemos citar aquí a Ezequiel Rey, un dos líderes do anarcosindicalismo durante a Restauración e a dictadura de Primo de Rivera que nos primeiros anos da Segunda República se integrou no republicanismo. Con cargos de importancia na dirección galega da CNT están os composteláns Manuel Fandiño e José Villaverde, malia que este desenvolveu a súa máis importante actividade sindical cando residía en Vigo e en A Coruña. Dentro do socialismo, cómpre salientar a figura de José Mareque Santos que desempeñou diferentes cargos no movemento obreiro local e, durante a Segunda República, acadou a acta de deputado polo PSOE en 1931. Tamén atopamos ao canteiro Nicolás Pardo, que liderou o asociacionismo desta tendencia dende a década dos noventa do século XIX. José Silva Martínez é o representante máis significado do comunismo da localidade, e un dos primeiros que en Galicia se decantou polos posicionamentos da Terceira Internacional.

Todos os aspectos analisados nesta obra por Herminia Pernas completan unha visión global da actividade das clases populares e do mundo do traballo da Compostela do século XIX e de comezos do XX. Un achegamento necesario que nos amosa o dinamismo da Galicia urbana contemporánea nun período histórico de franco desenvolvemento das cidades do país; así como o artellamento dun entramado asociativo por parte dun grupo social, como era o dos traballadores, que comeza na centuria decimonómica a adquirir conciencia de seu como clase diferenciada e definida por unhas características propias e concretas. Unhas características que, axeitadamente, nos debuxa a autora ao longo das páxinas desta obra.